



CIRCULAR INFORMATIVA 2/2025

1. XORNADAS DO ICA SANTIAGO SOBRE A LEI 1/2025 DE MEDIDAS EN MATERIA DE EFICIENCIA DO SERVIZO PÚBLICO DA XUSTIZA

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela organiza unhas xornadas de estudo arredor das reformas introducidas pola Lei 1/2025, do 2 de xaneiro, de eficiencia do servizo público da xustiza.

Días: 20 e 27 de marzo

Horario: 18 a 21 h

Lugar: por determinar

Modalidade: mixta (presencial e en liña)

Matrícula: gratuíta para colexiados/as do ICAS

Inscrición:

Programa provisional:

20 de marzo

18.00 h: “Incidencias nos procedementos declarativos e MASC”

José Gómez Rey, maxistrado da AP da Coruña, Sección 6ª

19.30 h: “Incidencias nas execucións”

José Manuel Silvosa Tallón, LAX do Xulgado de Arzúa

27 de marzo

18.00 h: “Reforma dos xulgados de instancia”

Sandra Mª Iglesias Barral, xuíza decana de Santiago de Compostela

19.30 h: “Incidencias no procedemento penal”

Antonio Roma Valdés, fiscal xefe da Fiscalía de Santiago de Compostela

Nunha próxima circular informaremos do programa completo e do prazo de inscrición.

2. CAMBIO DE HORA DA XORNADA SOBRE O PROGRAMA COLABOWEB: ÁS 20 H

Lembrámosvos o cambio de hora desta xornada práctica sobre o programa Colaboweb, que será:

Día: martes, 25 de febreiro

Hora: 20 h

Lugar: salón de actos do ICA Santiago

Asistencia: libre



CIRCULAR INFORMATIVA 2/2025

3. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT 2025: 28.03.2025

O **venres 28 de marzo** de 2025 celebraremos a festividade do noso colexio, de San Raimundo de Peñafort, que terá a seguinte **programación provisional** de actos:

- 18.00 h Misa (lugar por determinar), que se aplicará en lembranza dos/as compañeiros/as finados/as.
- 19.00 h Actos solemnes no **Hostal dos Reis Católicos**:
- ❖ Entrega da Medalla de Ouro do ICA Santiago
 - ❖ Entrega de insignia de ouro e diplomas aos colexiados e colexiadas que cumpren 40 anos de exercicio profesional
 - ❖ Entrega de diplomas aos letrados e letradas que cumpren 25 anos de exercicio profesional
 - ❖ Xura ou promesa de novos letrados e letradas
- 20.30 h Viño de honra no claustro do Hostal
- 22.00 h Cea-baile (lugar por determinar)

Nunha próxima circular informaremos do programa definitivo.

4. SERVIZO DE ATENCIÓN A MUTUALISTAS: 25 DE FEBREIRO

Como todos os meses (último martes de mes), o vindeiro martes, 25 de febreiro, un técnico da Mutualidad estará á disposición dos e das mutualistas na sede do colexio para atender as súas consultas e realizar xestións.

O servizo prestarase en horario de 9.45 a 14 h e **deberase concertar cita previa** no teléfono 881 049 627 (Álvaro).